

CONSELLO DA XERENCIA MUNICIPAL DE URBANISMO
DATA 4 de outubro de 2017

Sras./Sres. Asistentes:

PRESIDENTE

D. ALBERTO VARELA PAZ

VOGAIS

DONA PAOLA MARÍA MOCHALES

DNA. ANA GRANJA GUILLÁN

D. GASPAR GONZÁLEZ SOMOZA

DNA. MARÍA MOSQUERA LEAL

TÉCNICO

D. XOAN X. RODRÍGUEZ CUIÑA

SECRETARIA

DONA ROSA LOSADA SUÁREZ

Na Casa do Concello de Vilagarcía de Arousa, ás 10:00 do día 4 de outubro de 2017 reúnen-se en primeira convocatoria os/as membros do Consello da Xerencia de Urbanismo que á marxe se relacionan como asistentes, co obxecto de levar a cabo a sesión.

Desculpada a ausencia dos concelleiros indicados, e comprobada a existencia de quórum suficiente, queda constituída a sesión e pasan a tratarse os asuntos incluídos na orde do día.

NÚMERO 1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DAS ACTAS DAS SESIÓNS ANTERIORES.- A Presidencia abriu o acto, e pola súa orde deuse conta das actas das sesións anteriores, de datas 23 de agosto e 6 de setembro de 2017, que se aprobaron por unanimidade.

VISTOS OS INFORMES OBRANTES NOS EXPEDIENTES ACÓRDASE INFORMAR AS SEGUINTE SOLICITUDES:

Propostas

LICENZAS DE PRIMEIRA OCUPACION

Informar favorablemente a solicitude de Dna. Patricia Gómez González, para licenza de primeira ocupación e acometida á rede de municipal de auga de vivenda unifamiliar situada na Rúa do Piorno nº 12, Vilaxoán (Ref. Cat.: 7747005NH1174N0001ED), debendo axustarse ás seguintes condicións:

CONEXIÓN REDE DE DISTRIBUCIÓN DE AUGA

- O punto de toma fixarao o persoal do servizo, co que o solicitante convirá o momento da súa execución, que realizará dito persoal e baixo a súa inspección e vixilancia.
- A arqueta de acometida será de ladrillo oco dobre de 1/2 pé de espesor, revestido interiormente, de dimensións interiores 50 x 50 x 40 cms., con tapa rexistro de fundición de 40 x 40 cms., e no seu interior colocarase a chave xeral de corte. Esta arqueta colocarase na beirarrúa fronte á finca que solicite a toma.
- Para a instalacion do contador de auga disporase de lugar con tapa rexistrable no exterior, de doado acceso para lectura e comprobación do servizo. (Expt. 218/16)

COMUNICACIÓNS PREVIAS OBRAS MENORES

Informar favorablemente a comunicación previa e documentación adxunta presentada por D. Vicente Sánchez Sastre para chapeado de cerre frontal na Rúa Salgueiral nº 15 – Bamio (Ref. Cat. 9191909NH1199S0001KX).

Comunicaselle que as obras remataranse no prazo máximo dun ano. (Expte. 559/17)

Informar favorablemente a comunicación previa e documentación adxunta para revestimento de fachadas e reparación de aleiros na vivenda sita na Rúa Quintana nº 43 – Rubiáns (Ref. Cat. 1336102NH2113N)

A maquinaria, medios auxiliares e de seguridade precisos para a execución dos traballos cumprirán as Disposicións Mínimas de Seguridade e Saúde nas obras de construción R.D. 1627/1997. A responsabilidade do cumprimento das normas de montaxe e medidas de protección a adoptar para salvagardar os usuarios e instalacións da vía pública compete unicamente ó contratista, nas obras menores, ou ós axentes intervinientes na obra, nas obras maiores.

As **estadas** cumprirán as Normas UNE-EN 12810-1:2005, 12810-2:2005 e 12811-1:2005, en consonancia coas Notas Técnicas de Prevención 669 e 670. As **torres de traballo móbiles** cumprirán a Norma UNE-EN 1004:2006, en consonancia coas Notas Técnicas de Prevención 695 e 696. En calquera dos casos terase en conta o indicado no RD 1215/1997 sobre as disposicións mínimas de seguridade e saúde para a utilización polos traballadores dos equipos de traballo (modificado polo RD 2177/2004), debendo contar cun **Plan de Montaxe**, utilización e desmontaxe elaborado por técnico competente, en función da complexidade da instalación temporal (estadas ou torres móbiles), segundo o Real Decreto.

Os cascallos procedentes das obras levaranse a un punto limpo dos autorizados pola Comunidade Autónoma de Galicia.

A ocupación de vía pública, se a houbese, axustarase ás condicións que lle fixen os Servizos de Tráfico en función das características do tráfico da rúa, **debendo repoñer**, en calquera caso, as **posibles roturas sobre a vía pública**.

Comunicaselle que as obras remataranse no prazo máximo dun ano. (Expt. 564/17)

Informar favorablemente a comunicación previa e documentación adxunta presentada por Dña. Silvia Piñeiro Fernández en representación de D. José Filloi Mariño, para reforma de baño existente en vivenda sita na Avda. As Carolinas nº 42-5º C (Ref. Cat. 0159902NH2105N0017RR)
As instalacións a substituír ou modificar de fontanería e electricidade deberán ser realizadas por instaladores autorizados.

Os cascallos procedentes das obras levaranse a un punto limpo dos autorizados pola Comunidade Autónoma de Galicia.

Comunicaselle que as obras remataranse no prazo máximo dun ano. (Expte. 568/17)

Informar favorablemente a comunicación previa e documentación adxunta presentada por Dña. Diana Baliña Sabucedo en representación de COM. PROP. SAN ROQUE 4, para mellora de cuberta no inmovible sito na Rúa San Roque nº 4 (Ref. Cat. 9559802NH1195N).

A maquinaria, medios auxiliares e de seguridade precisos para a execución dos traballos cumprirán as Disposicións Mínimas de Seguridade e Saúde nas obras de construción R.D. 1627/1997. A responsabilidade do cumprimento das normas de montaxe e medidas de protección a adoptar para salvagardar os usuarios e instalacións da vía pública compete unicamente ó contratista, nas obras menores, ou ós axentes intervinientes na obra, nas obras maiores.

As **estadas** cumprirán as Normas UNE-EN 12810-1:2005, 12810-2:2005 e 12811-1:2005, en consonancia coas Notas Técnicas de Prevención 669 e 670. As **torres de traballo móbiles** cumprirán a Norma UNE-EN 1004:2006, en consonancia coas Notas Técnicas de Prevención 695 e 696. En calquera dos casos terase en conta o indicado no RD 1215/1997 sobre as disposicións mínimas de seguridade e saúde para a utilización polos traballadores dos equipos de traballo (modificado polo RD 2177/2004), debendo contar cun **Plan de Montaxe**, utilización e desmontaxe elaborado por técnico competente, en función da complexidade da instalación temporal (estadas ou torres móbiles), segundo o Real Decreto.

Os cascallos procedentes das obras levaranse a un punto limpo dos autorizados pola Comunidade Autónoma de Galicia.

A ocupación de vía pública, se a houbese, axustarase ás condicións que lle fixen os Servizos de Tráfico en función das características do tráfico da rúa, **debendo repoñer**, en calquer caso, as **posibles roturas sobre a vía pública**.

Comunicaselle que as obras remataranse no prazo máximo dun ano.

Déase conta ao Departamento de Rendas aos efectos de facturación do ICIO, xa que non figura no expediente (Expte. 572/17)

Informar favorablemente a comunicación previa e documentación adxunta presentada por Dna. Ana García Álvarez en representación de D. Carlos Vega Vales, para reforma integral de baño existente e cambio de porta-ventá na vivenda sita na Avda. Rosalía de Castro nº 119-3º C (Ref. Cat. 9077201NH1197N0043IP)

Comunicaselle que as obras remataranse no prazo máximo dun ano, (Expte. 574/17)

Informar favorablemente a comunicación previa e documentación adxunta presentada por D. Isidro Fernández Abuín, para diversos arranxos en vivenda sita na Rúa Concepción Arenal nº 19-4º D (Ref. cat.9471812NH1197S0009BL).

respectaranse os elementos comúns do inmovible segundo a Lei de Propiedade Horizontal e tomaranse as medidas precisas para evitar que os ruidos emitidos con motivo das obras excedan dos niveis acústicos que fixa a Normativa actual sobre ruidos.

As instalacións a substituír ou modificar deberán ser realizadas por instaladores autorizados.

Os cascallos procedentes das obras levaranse a un punto limpo dos autorizados pola Comunidade Autónoma de Galicia.

Comunicaselle que as obras remataranse no prazo máximo dun ano. (Expte. 575/17)

Informar favorablemente a comunicación previa e documentación adxunta presentada por D. José Ángel Martín Cuesta en representación de MERCADONA S.A., para instalación de aseos en local comercial sito na Avda. Rosalía de Castro nº 56-58 Bx. (Ref. Cat. 9471005NH1197S0001DA).

A maquinaria, medios auxiliares e de seguridade precisos para a execución dos traballos cumprirán as Disposicións Mínimas de Seguridade e Saúde nas obras de construción R.D. 1627/1997.

Os cascallos procedentes das obras levaranse a un punto limpo dos autorizados pola Comunidade Autónoma de Galicia.

A ocupación de vía pública (se a houbese) axustarase ás condicións que lle fixen os Servizos de Tráfico, en función das características do tráfico da rúa.

Comunicaselle que as obras remataranse no prazo máximo dun ano. (Expte. 579/17)

Informar favorablemente a comunicación previa e documentación adxunta presentada por D. Manuel Camiño González en representación de COM. PROP. RÚA LEIRAS 12, para mantemento de fachadas de edificio sito na Rúa Leiras nº 12 (Ref. Cat. 9565902NH1196N).

A maquinaria, medios auxiliares e de seguridade precisos para a execución dos traballos cumprirán as Disposicións Mínimas de Seguridade e Saúde nas obras de construción R.D. 1627/1997. A responsabilidade do cumprimento das normas de montaxe e medidas de protección a adoptar para salvaguardar os usuarios e instalacións da vía pública compete unicamente ó contratista, nas obras menores, ou ós axentes intervinientes na obra, nas obras maiores.

As **estadas** cumprirán as Normas UNE-EN 12810-1:2005, 12810-2:2005 e 12811-1:2005, en consonancia coas Notas Técnicas de Prevención 669 e 670. As **torres de traballo móbiles** cumprirán a Norma UNE-EN 1004:2006, en consonancia coas Notas Técnicas de Prevención 695 e 696. En calquera dos casos terase en conta o indicado no RD 1215/1997 sobre as disposicións mínimas de seguridade e saúde para a utilización polos traballadores dos equipos de traballo (modificado polo RD 2177/2004), debendo contar cun **Plan de Montaxe**, utilización e desmontaxe elaborado por técnico competente, en función da complexidade da instalación temporal (estadas ou torres móbiles), segundo o Real Decreto.

Os cascallos procedentes das obras levaranse a un punto limpo dos autorizados pola Comunidade Autónoma de Galicia.

A ocupación de vía pública, se a houbese, axustarase ás condicións que lle fixen os Servizos de Tráfico en función das características do tráfico da rúa, **debendo repoñer**, en calquera caso, as **posibles roturas sobre a vía pública**.

Comunicaselle que as obras remataranse no prazo máximo dun ano. (Expte. 580/17)

Informar favorablemente a comunicación previa e documentación adxunta presentada por D. Victor Manuel García Martínez en representación de COM. PROP. EDIFICIO SAN MARTÍN, para impermeabilización de terraza en edificio de vivendas na Rúa Estorniño nº 6-8 (Ref. Cat. 0360912NH2106S)

A maquinaria, medios auxiliares e de seguridade precisos para a execución dos traballos cumprirán as Disposicións Mínimas de Seguridade e Saúde nas obras de construción R.D. 1627/1997. A responsabilidade do cumprimento das normas de montaxe e medidas de protección a adoptar para salvagardar os usuarios e instalacións da vía pública compete unicamente ó contratista, nas obras menores, ou ós axentes intervinientes na obra, nas obras maiores.

As **estadas** cumprirán as Normas UNE-EN 12810-1:2005, 12810-2:2005 e 12811-1:2005, en consonancia coas Notas Técnicas de Prevención 669 e 670. As **torres de traballo móbiles** cumprirán a Norma UNE-EN 1004:2006, en consonancia coas Notas Técnicas de Prevención 695 e 696. En calquera dos casos terase en conta o indicado no RD 1215/1997 sobre as disposicións mínimas de seguridade e saúde para a utilización polos traballadores dos equipos de traballo (modificado polo RD 2177/2004), debendo contar cun **Plan de Montaxe**, utilización e desmontaxe elaborado por técnico competente, en función da complexidade da instalación temporal (estadas ou torres móbiles), segundo o Real Decreto.

Os cascallos procedentes das obras levaranse a un punto limpo dos autorizados pola Comunidade Autónoma de Galicia.

A ocupación de vía pública, se a houbese, axustarase ás condicións que lle fixen os Servizos de Tráfico en función das características do tráfico da rúa, **debendo repoñer**, en calquera caso, as **posibles roturas sobre a vía pública**.

Comunicaselle que as obras remataranse no prazo máximo dun ano. (Expte. 584/17)

Informar favorablemente a comunicación previa e documentación adxunta presentada por D. Jacinto Vidal Costoya en representación de COM. PROP. DOCTOR TOURON 37, para mantemento de fachadas de edificio sito na Avd. Dr. Tourón nº 37 (ref. Cat. 9155902NH1195N).

A maquinaria, medios auxiliares e de seguridade precisos para a execución dos traballos cumprirán as Disposicións Mínimas de Seguridade e Saúde nas obras de construción R.D. 1627/1997. A responsabilidade do cumprimento das normas de montaxe e medidas de protección a adoptar para salvagardar os usuarios e instalacións da vía pública compete unicamente ó contratista, nas obras menores, ou ós axentes intervinientes na obra, nas obras maiores.

As **estadas** cumprirán as Normas UNE-EN 12810-1:2005, 12810-2:2005 e 12811-1:2005, en consonancia coas Notas Técnicas de Prevención 669 e 670. As **torres de traballo móbiles** cumprirán a Norma UNE-EN 1004:2006, en consonancia coas Notas Técnicas de Prevención 695 e 696. En calquera dos casos terase en conta o indicado no RD 1215/1997 sobre as disposicións mínimas de seguridade e saúde para a utilización polos traballadores dos equipos de traballo (modificado polo RD 2177/2004), debendo contar cun **Plan de Montaxe**, utilización e desmontaxe elaborado por técnico competente, en función da complexidade da instalación temporal (estadas ou torres móbiles), segundo o Real Decreto.

Os cascallos procedentes das obras levaranse a un punto limpo dos autorizados pola Comunidade Autónoma de Galicia.

A ocupación de vía pública, se a houbese, axustarase ás condicións que lle fixen os Servizos de Tráfico en función das características do tráfico da rúa, **debendo repoñer**, en calquera caso, as **posibles roturas sobre a vía pública**.

Comunicaselle que as obras remataranse no prazo máximo dun ano. (Expte. 585/17)

Informar favorablemente a comunicación previa e documentación adxunta presentada por D. José Luis Meis Chaves, para renovación de fachada no inmovible sito na Avda. de Cambados nº 156 (Ref. Cat. 7953009NH1175S0001GG).

A maquinaria, medios auxiliares e de seguridade precisos para a execución dos traballos cumprirán as Disposicións Mínimas de Seguridade e Saúde nas obras de construción R.D. 1627/1997. A responsabilidade do cumprimento das normas de montaxe e medidas de protección a adoptar para salvagardar os usuarios e instalacións da vía pública compete unicamente ó contratista, nas obras menores, ou ós axentes intervinientes na obra, nas obras maiores.

As **estadas** cumprirán as Normas UNE-EN 12810-1:2005, 12810-2:2005 e 12811-1:2005, en consonancia coas Notas Técnicas de Prevención 669 e 670. As **torres de traballo móbiles** cumprirán a Norma UNE-EN 1004:2006, en consonancia coas Notas Técnicas de Prevención 695 e 696. En calquera dos casos terase en conta o indicado no RD 1215/1997 sobre as disposicións mínimas de seguridade e saúde para a utilización polos traballadores dos equipos de traballo (modificado polo RD 2177/2004), debendo contar cun **Plan de Montaxe**, utilización e desmontaxe elaborado por técnico competente, en función da complexidade da instalación temporal (estadas ou torres móbiles), segundo o Real Decreto.

Os cascallos procedentes das obras levaranse a un punto limpo dos autorizados pola Comunidade Autónoma de Galicia.

A ocupación de vía pública, se a houbese, axustarase ás condicións que lle fixen os Servizos de Tráfico en función das características do tráfico da rúa, **debendo repoñer**, en calquer caso, as **posibles roturas sobre a vía pública**.

Comunicaselle que as obras remataranse no prazo máximo dun ano. (Expte. 586/17)

Informar favorablemente a comunicación previa e documentación adxunta presentada por D. Alberto Cousido Bravo, para cerres laterais de parcela sita na Rúa Bouza de Cea s/n (Ref. Cat. 1156408NH115N0001MK), respectando a aliñación e iniciando o peche a 3 m. do eixo do vial ao que da fronte.

Comunicaselle que as obras remataranse no prazo máximo dun ano. (Expte. 587/17)

Informar favorablemente a comunicación previa e documentación adxunta presentada por Dna. Ida María Montaña Varela, para mantemento de cuberta en vivenda sita na Rúa Moscallo nº 4 – Cornazo. (Ref. Cat. 0138605NH2103N0001ME).

A maquinaria, medios auxiliares e de seguridade precisos para a execución dos traballos cumprirán as Disposicións Mínimas de Seguridade e Saúde nas obras de construción R.D. 1627/1997. A responsabilidade do cumprimento das normas de montaxe e medidas de protección a adoptar para salvagardar os usuarios e instalacións da vía pública compete unicamente ó contratista, nas obras menores, ou ós axentes intervinientes na obra, nas obras maiores.

As **estadas** cumprirán as Normas UNE-EN 12810-1:2005, 12810-2:2005 e 12811-1:2005, en consonancia coas Notas Técnicas de Prevención 669 e 670. As **torres de traballo móbiles** cumprirán a Norma UNE-EN 1004:2006, en consonancia coas Notas Técnicas de Prevención 695 e 696. En calquera dos casos terase en conta o indicado no RD 1215/1997 sobre as disposicións mínimas de seguridade e saúde para a utilización polos traballadores dos equipos de traballo (modificado polo RD 2177/2004), debendo contar cun **Plan de Montaxe**, utilización e desmontaxe elaborado por técnico competente, en función da complexidade da instalación temporal (estadas ou torres móbiles), segundo o Real Decreto.

Os cascallos procedentes das obras levaranse a un punto limpo dos autorizados pola Comunidade Autónoma de Galicia.

A ocupación de vía pública, se a houbese, axustarase ás condicións que lle fixen os Servizos de Tráfico en función das características do tráfico da rúa, **debendo repoñer**, en calquera caso, as **posibles roturas sobre a vía pública**.

Comunicaselle que as obras remataranse no prazo máximo dun ano. (Expe. 588/17)

Informar favorablemente a comunicación previa e documentación adxunta presentada por Dna. M^a Dolores Daponte García, para reforma de cociña en vivenda sita na Rúa Padre Feijóo nº 1-3º B (Ref. Cat. 9462026NH1196S0013SE).

Respectaranse os elementos comúns do inmovible segundo a Lei de Propiedade Horizontal e tomaranse as medidas precisas para evitar que os ruidos emitidos con motivo das obras excedan dos niveis acústicos que fixa a Normativa actual sobre ruidos.

As instalacións a substituír ou modificar de fontanería deberán ser realizadas por instaladores autorizados.

Os cascallos procedentes das obras levaranse a un punto limpo dos autorizados pola Comunidade Autónoma de Galicia.

Comunicaselle que as obras remataranse no prazo máximo dun ano. (Expte. 589/17)

LICENZAS DE OBRAS MENORES

Informar favorablemente a solicitude de D. José Angel Rey Hervés para legalización das edificacións complementarias (asador e cenador) á vivenda sita na Rúa Travesa nº 7 – Fontecarmona (Ref. Cat. 8748923NH1184N0001RJ), de conformidade coa documentación técnica achegada do Arquitecto D. Manuel Rodríguez Fontán de marzo de 2017).

Déase conta ao Departamento de Disciplina Urbanística aos efectos oportunos en relación expte. D-02/17 de reposición de legalidade. (Expte. 208/17)

Informar favorablemente a solicitude de D. Manuel Álvarez Seoane para legalización de delimitación de parcela con postes na Rúa Vilar Ponte s/n – Os Duráns (Ref. Cat. 9864309NH1196S0001OJ).

Déase conta ao Departamento de Disciplina Urbanística aos efectos oportunos, relativo ao expte. D33/17 de reposición de legalidade. (Expte. 567/17)

Informar favorablemente a solicitude de D. Francisco J. Moure Diz en representación de PROYECTOS GONZALEZ ABUIN MOURE DE AROSA, S.L., para legalización das obras interiores feitas en local destinado á actividade de bar na Rúa Curros Enriquez nº 11 Bx. (Ref. Cat. 9764106NH1196S0002YK). (Expte. 576/17)

Informar favorablemente a solicitude de Dna. Maria de la Cruz Armas Busto, para acometida e conexión á rede municipal de auga, para o servizo de obra, na Rúa Do Colexio nº 35 – Carril, baixo as seguintes condicións:

- O punto de toma fixarao o persoal do servizo, co que o solicitante convirá o momento da súa execución, que realizará dito persoal e baixo a súa inspección e vixilancia.
- A arqueta de acometida será de ladrillo oco dobre de 1/2 pé de espesor, revestido interiormente, de dimensións interiores 50 x 50 x 40 cms., con tapa rexistro de fundición de 40 x 40 cms., e no seu interior colocarse a chave xeral de corte. Esta arqueta colocarse na beirarrúa fronte á finca que solicite a toma.
- Para a instalación do contador de auga disporase de lugar con tapa rexistrable fóra da obra, de doado acceso para a lectura e comprobación do servizo.
- O uso da auga será exclusivamente para as necesidades da construción da obra, sen que poida destinar, baixo ningún concepto, a outros usos. (Exp. 491/17)

Informar favorablemente a solicitude de D. Benito Mondragón Casal, para acometida e conexión á rede municipal de auga na Trav. Salgueiral nº 3, baixo as seguintes condicións:

- O punto de toma fixarao o persoal do servizo, co que o solicitante convirá o momento da súa execución, que realizará dito persoal e baixo a súa inspección e vixilancia.
- A arqueta de acometida será de ladrillo oco dobre de 1/2 pé de espesor, revestido interiormente, de dimensións interiores 50 x 50 x 40 cms., con tapa rexistro de fundición de

40 x 40 cms., e no seu interior colocárase a chave xeral de corte. Esta arqueta colocárase na beirarrúa fronte á finca que solicite a toma.

- Para a instalación do contador de auga dispórase de lugar con tapa rexistrable no exterior, de doado acceso para a lectura e comprobación do servizo. (Exp. 490/17)

Informar favorablemente a solicitude de D. José Diz Brea, para acometida e conexión á rede municipal de auga na Rúa Canto nº 14 – Faxilde, baixo as seguintes condicións:

- O punto de toma fíxarao o persoal do servizo, co que o solicitante convirá o momento da súa execución, que realizará dito persoal e baixo a súa inspección e vixilancia.
- A arqueta de acometida será de ladrillo oco dobre de 1/2 pé de espesor, revestido interiormente, de dimensións interiores 50 x 50 x 40 cms., con tapa rexistro de fundición de 40 x 40 cms., e no seu interior colocárase a chave xeral de corte. Esta arqueta colocárase na beirarrúa fronte á finca que solicite a toma.
- Para a instalación do contador de auga dispórase de lugar con tapa rexistrable no exterior, de doado acceso para a lectura e comprobación do servizo. (Exp. 557/17)

Informar favorablemente A solicitude de D. José Ferreira Mosquera para acometida e conexión á rede municipal de auga no Camiño Novo nº 9 – Zamar, baixo as seguintes condicións:

-) O punto de toma fíxarao o persoal do servizo, co que o solicitante convirá o momento da súa execución, que realizará dito persoal e baixo a súa inspección e vixilancia.
-) A arqueta de acometida será de ladrillo oco dobre de 1/2 pé de espesor, revestido interiormente, de dimensións interiores 50 x 50 x 40 cms., con tapa rexistro de fundición de 40 x 40 cms., e no seu interior colocárase a chave xeral de corte. Esta arqueta colocárase na beirarrúa fronte á finca que solicite a toma.
- a) Para a instalación do contador de auga dispórase de lugar con tapa rexistrable no exterior, de doado acceso para a lectura e comprobación do servizo. (Exp. 552/17)

Informar favorablemente a solicitude de D. Joaquín Abuín Millán, para acometida e conexión á rede municipal de auga no Camiño do Revixo nº 9 – Zamar – Rubiáns, baixo as seguintes condicións:

- O punto de toma fíxarao o persoal do servizo, co que o solicitante convirá o momento da súa execución, que realizará dito persoal e baixo a súa inspección e vixilancia.
- A arqueta de acometida será de ladrillo oco dobre de 1/2 pé de espesor, revestido interiormente, de dimensións interiores 50 x 50 x 40 cms., con tapa rexistro de fundición de 40 x 40 cms., e no seu interior colocárase a chave xeral de corte. Esta arqueta colocárase na beirarrúa fronte á finca que solicite a toma.
- Para a instalación do contador de auga dispórase de lugar con tapa rexistrable no exterior, de doado acceso para a lectura e comprobación do servizo. (Exp. 518/17)

Informar favorablemente a solicitude de D. Fausto García Rey, en representación de ASOCIACIÓN BATA, para instalación vado permanente na Rúa Almirante Fontán nº 11 – Vilaxoán, baixo as seguintes condicións:

1ª.- Nos laterais, o bordo de beirarrúa rematarase en curva de 90º, ata o punto de enlace da cota superior do mesmo coa rasante da beirarrúa.

2ª.- A zona comprendida entre pavimento de calzada e punto onde o bordo curvo alcanza a rasante da beirarrúa, executarase en rampla con 15 cm. de grosor de formigón HM-20.

3ª.- A zona comprendida entre a rampla e liña de portal executarase con 15 cm. de formigón HM-20, deixándoa acabada a rasante da beirarrúa actual.

4º.- Nos laterais do paso executado en formigón, suprimírase a lousa de cemento que forma o pavimento de beirarrúa nun ancho de 60 cm. e fondo o da beirarrúa, substituíndoa por plaqueta de piñonciño de 30 x 30, asentada con morteiro de cemento e arrexuntándoa.

Comunicaselle que deberá pasar polo Negociado de Rendas a efectos de facturar o importe da placa, para a súa posterior retirada na Portería do Concello.

Comunicaselle que as obras autorizadas deberán executarse nos seguintes prazos, a contar dende a notificación do presente acordo:

- Prazo para iniciación: 4 meses.
- Prazo para a finalización: 1 ano. (Exp. 558/17).

Informar favorablemente a solicitude de Dna. Rocío Nogueira Pacheco, para instalación de toldo no local sito no Parque Miguel Hernández, con fronte á Avda. A Mariña, (Expte. 376/17)

Dáse conta da solicitude de D. Gonzalo Freijeiro Fernández, en representación de GARCÍA FREIJEIRO PROYECTOS Y DISEÑOS S.L., para autorización de contratación dos servizos municipais de auga e saneamento como uso doméstico para o inmovible sito na Rúa Ulla nº 7 – Urbanización Miramar, en base ao tempo establecido transcorrido para a reposición da legalidade urbanística.

Visto o certificado final de obra que figura no expediente emitido polo Arquitecto Director das Obras en data 9.11.2009 e visado polo COAG en data 30.11.2009, e polo Arquitecto Técnico Director da Execución das Obras en data 9.11.2009 e visado polo COAAT en data 11.11.2009, e tendo en conta que se superou o prazo de 6 anos establecido polo artigo 153 da Lei 2/2016 para a reposición da legalidade de parte da vivenda citada, o Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo informa favorablemente a declaración de fóra de ordenación da referida vivenda, podéndose autorizar nela unicamente obras de mantemento e conservación, polo que procede a autorización para a conexión dos servizos municipais de auga e saneamento.

Déase conta á concesionaria do servizo municipal de auga potable para que admita a modificación do contrato, ou a formalización dun novo se fose necesario, para que o subministro de auga da vivenda teña carácter de “uso doméstico” e non de “uso de obra” como viña tendo ata o momento.

Así mesmo, deberá poñerse en contacto co Servizo Municipal de Obras do Concello aos efectos de realizar a acometida para o servizo de saneamento.

Déase conta ao Departamento de Rendas, aos efectos de dar de alta os impostos e taxas correspondentes. (Expte. 1012/06)

LICENZAS DE SEGREGACIONES

Informar favorablemente a solicitude de Dna. M^a del Carmen Castro Iglesias , para segregación de parcela situada en Calexón de Ravella (Ref. Cat. 9863063NH1196S0001JJ), de conformidade co proxecto de reparcelación de fincas redactado polo Enxeñeiro Técnico Forestal D. Wenceslao Vidal Eiras.

Segundo o citado proxecto:

1º.- As fincas das que se parte (parcelas iniciais denominadas no proxecto de reparcelación como parcela 2; parcela 3; e parcela 4) sitúanse no Calexón de Ravella, clasificadas todas elas como Solo Urbano R1, ordenanza específica nº 1, Residencial R1, e así as parcelas afectadas serían segundo o proxecto de reparcelación:

- Parcela nº 2 cunha superficie de 141 m² en Solo Urbano, ordenanza específica nº 1, Residencial R1.
- Parcela nº 3 cunha superficie de 110 m² en Solo Urbano, ordenanza específica nº 1, Residencial R1.
- Parcela nº 4 cunha superficie de 133 m² en Solo Urbano, ordenanza específica nº 1, Residencial R1.

2º.-A denominada como Parcela nº 3 segrégase en dúas parcelas, quedando as seguintes parcelas resultantes:

- Parcela segregada cunha superficie de 55 m² en Solo Urbano, ordenanza específica nº 1, Residencial R1.
- Resto finca matriz de 55 m² en Solo Urbano, ordenanza específica nº 1, Residencial R1.

3º.- As superficies segregadas posteriormente agrúpanse coas parcelas 2 e 4 e así quedarían como resultantes da agrupación:

- Parcela resultante 2 (141 m² superficie inicial +55 m²) cunha superficie de 196 m² en Solo Urbano, ordenanza específica nº 1, Residencial R1.
- Parcela resultante 4 (133 m²+55m²) cunha superficie de 188 m² en Solo Urbano, ordenanza específica nº 1, Residencial R1.

4º.- Todas as parcelas resultantes cumprirían coa normativa urbanística de aplicación. (Exp. 442/17)

LICENZAS DE OBRAS MAIORES

Dáse conta da solicitude presentada por Dna. Patricia Martínez Núñez en representación de COMO PEPA S.L. de prórroga para execución das obras de demolición de edificio en Rúa Romero Ortiz nº 10, que foi concedida mediante Resolución de Alcaldía de data 29 de decembro de 2016.

Á vista do informe emitido ao respecto, infórmase favorablemente a concesión dunha prórroga de **nove meses**, que é o prazo outorgado inicialmente na licenza. (Expte. 613/16)

Dáse conta da solicitude presentada por Dna. Rebeca Dasilva Pérez, de prórroga para execución das obras de reforma de cuberta e adición de porches e garaxe en vivenda unifamiliar situada na Rúa das Pías nº 22, que foi concedida mediante Resolución de Alcaldía de data 19 de setembro de 2016.

Á vista do informe emitido ao respecto, infórmase favorablemente a concesión dunha prórroga de 6 meses para o inicio das devanditas obras. (Expte. 148/16)

Informar favorablemente a solicitude de D. Aarón Romero Suárez, en representación de ATLANTIDA SHOP S.L., para as obras de acondicionamento de local para venda polo miúdo de prendas de vestir, en Rúa Edelmiro Trillo nº 22 Bx., vistos os informes técnico e xurídico e de conformidade co proxecto técnico achegado, do Arquitecto D. Juan Carlos Morgade Portas.

Prazo para o inicio e terminación das obras: As obras deberán iniciarse no prazo máximo de SEIS MESES a partir da comunicación da concesión da licenza e o prazo de terminación das mesmas será de tres anos a partir da mesma data (Artigo 145 da lei 2/2016).

